

## **Modificacións da P. D. da materia de HISTORIA DA MÚSICA**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de HISTORIA DA MÚSICA para o curso 2019-20:

- I. CURSO 4º DE GRAO PROFESIONAL
  - MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO
    - OBXECTIVOS

Modifícanse eliminando o referente ao terceiro trimestre, por mor da suspensión da actividade lectiva presencial. Polo tanto, os obxectivos para 2019-20 son os seguintes:

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definatorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música desde a Antigüidade ata o Renacemento, este último incluído.
- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un destes períodos da historia da música.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre as trazas técnicas propias dos diversos xéneros de cada un destes períodos da historia da música, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

Os obxectivos que se trasladan ao curso 2020-21 (referentes ao terceiro trimestre), e así se fará constar na programación de HISTORIA DA MÚSICA de 5º de Grao Profesional do curso 2020-21, son os seguintes:

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definatorios do repertorio musical do Barroco.
- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos do Barroco.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre as trazas técnicas propias dos diversos xéneros do Barroco, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

– CONTIDOS

Modifícanse eliminando o referente ao terceiro trimestre, por mor da suspensión da actividade lectiva presencial. Polo tanto, os contidos para 2019-20 son os seguintes:

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e seu uso (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnicas interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

- Comentario de texto musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- Análise iconográfica.

### **Primeira Avaliación**

- Introducción á Historia da música e súas fontes. Orixe da música. Prehistoria e Antigüidade.
- A música na Idade Media:
  - Monodia sacra: o canto gregoriano. Monodia profana: as cancións dos trobadores.
  - Organoloxía. Música instrumental.
  - A orixe da polifonía. Primeiros repertorios polifónicos. O Códice Calistino.
  - A polifonía do s. XIII: Ars Antiqua.
  - A polifonía do s. XIV: Ars Nova, Ars Subtilior.

### **Segunda Avaliación**

- A música no Renacemento.
  - Desenvolvemento e características xerais da música renacentista.
  - Música vocal. Principais xéneros: chanson, motete, misa, madrigal.
  - Música instrumental. Principais xéneros.
  - A música do Renacemento na Península Ibérica.
    - Principais xéneros vocais: o villancico. Música instrumental.

Os contidos que se trasladan ao curso 2020-21 (referentes ao terceiro trimestre), e así se fará constar na programación de HISTORIA DA MÚSICA de 5º de Grao Profesional do curso 2020-21, son os seguintes:

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e seu uso (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.

- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnicas interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- Comentario de texto musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- Análise iconográfica.
- **A música no Barroco.**
  - Características xerais do estilo musical barroco.
  - Formas, estruturas e elementos musicais habituais no barroco.
  - Xéneros vocais: ópera, cantata, oratorio, e outros.
  - Xéneros instrumentais: preludio, tocata, fuga, suite, sonata, concerto.
  - A música barroca na Península Ibérica.
    - Principais xéneros vocais: tono, villancico, zarzuela. Música instrumental.
- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación adáptanse á nova situación, e serán os seguintes:

- Identificar, explicar e comentar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso 2019-20 (dende a Antigüidade ata o Renacemento incluído).
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso 2019-20 (dende a Antigüidade ata o Renacemento incluído).
- Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas correspondentes ao curso 2019-20 (dende a Antigüidade ata o Renacemento incluído), e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.
- Realizar exercicios, traballos ou actividades relativos á materia.
  - MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os indicados de xeito xeral para o conxunto da materia, aplicados aos obxectivos e contidos xa sinalados, correspondentes ao curso 2019-20 (dende a Antigüidade ata o Renacemento incluído). Polo tanto, son os seguintes:

- Coñecemento, identificación e análise das distintas seccións e elementos que integran a obra de arte musical, e súa relación con cada época ou estilo.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario musical específico.
- Coñecemento das grandes liñas da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Coñecemento do posto dos compositores máis relevantes da historia da música no seu período histórico correspondente.
- Identificación e explicación, a partir da audición, con ou sen partitura, dos estilos musicais correspondentes ós diversos períodos históricos e súas características.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- O seguinte criterio elimínase por non adaptarse á nova situación:
  - Observar a actitude do alumno na clase, e súa puntualidade.
- Modifícase para o 3º trimestre a realización por parte do alumno de actividades, comentarios e traballos, no sentido de que non serán realizados na aula, senón que serán realizados individualmente por cada alumno e enviados de xeito telemático ao docente, preferentemente pola plataforma Centrosnet, ou ben mediante a Aula

Virtual do Conservatorio, ou por medio doutro enderezo ou procedemento electrónico que permita a comunicación entre o docente e o alumno.

- Modifícase así mesmo o xeito de realización de calquera tipo de proba ou actividade escritas susceptibles de avaliación que foran necesarias, que pasarán a realizarse de xeito telemático. Ditas probas ou actividades estarán adaptadas á nova situación, de xeito que, unha vez que o alumno reciba telematicamente a proba ou actividades, deberá remitilas ao docente no mesmo día que lle foron enviadas.
  - **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
    - Na materia de Historia da música, dado o seu carácter, está establecido que a cualificación final do curso será a media das cualificacións das tres avaliacións. Debido á situación de actividade lectiva no presencial acontecida na 3º avaliación, a cualificación final non poderá ser inferior á media das cualificacións das 1ª e 2ª avaliacións.
    - As actividades realizadas no 3º trimestre para adaptarse ao período lectivo non presencial serán valoradas, pero só poderán influír na cualificación final de xeito positivo. A valoración positiva de ditas actividades suporá subir ata 1 punto a media das cualificacións das dúas primeiras avaliacións.
    - Nos grupo de Historia da música 4ºA a materia correspondente ao 2º trimestre foi desenvolvida na aula, pero non se puido realizar a proba trimestral por acontecer a suspensión da actividade presencial. Dito grupo 4ºA poderá realizar a proba de 2ª avaliación ou actividades equivalentes de xeito telemático, coas características indicadas nos procedementos e ferramentas de avaliación sinaladas no apartado anterior, é dicir enviando a proba ou actividades resoltas no mesmo día que lle foron enviadas polo profesor. Dita proba suporá o 70% da cualificación, o 20% corresponderá aos traballos realizados na aula durante o 2º trimestre, e o 10% corresponderá á puntualidade e actitude nese trimestre. No caso de non ter os traballos de aula amosados ao profesor, o alumno poderá enviarllos telematicamente.

Unha vez teña a cualificación da 2ª avaliación, o proceso de cualificación final será o explicado nos anteriores apartados: farase a media coa cualificación da 1ª avaliación e poderase subir a nota ata 1 punto coa valoración positiva das actividades telemáticas da 3ª avaliación.

- Se por algunha razón algún alumno do grupo 4ºA non realiza dita proba, se cualificará a 2ª avaliación de acordo cos datos e valoracións recompiladas polo profesor ao longo da dita segunda avaliación, que foi presencial.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

Os alumnos nesta situación realizarán unha proba, ou actividades equivalentes. Na presente situación, a proba ou actividades estarán adaptadas para ser realizada de xeito telemático. O profesor enviará ao alumno que o solicite a proba ou actividades, que deberán ser remitida resolta ao profesor no mesmo día que lle foi enviada.

A vía de entrega da proba ou actividades será preferentemente Centrosnet, ou a Aula Virtual do Conservatorio, ou outro enderezo electrónico que permita a comunicación entre o alumno e o profesor.

Os obxectivos e contidos da proba ou actividades son os correspondentes ao curso 2019-20 tal como aparecen especificados na presente modificación da programación, é dicir os relativos á 1ª e 2ª avaliacións (dende a Antigüidade ata o Renacemento incluído).

A proba ou actividades consistirán no seguinte:

- Unha serie de preguntas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, que poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A non realización da proba será cualificada coa nota mínima (1).

#### ▪ MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

No caso de que algún alumno necesite realizar probas de recuperación, ou actividades para o mesmo fin, estas serán telemáticas, coas características xa indicadas nos procedementos e ferramentas de avaliación.

As partes da materia que poden ser susceptibles de recuperación serán as correspondentes á 1ª avaliación e á 2ª avaliación, sendo válido o xa indicado sobre os obxectivos e contidos.

## II. CURSO 5º DE GRAO PROFESIONAL

- MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO
  - OBXECTIVOS



Modifícanse eliminando o referente ao terceiro trimestre, por mor da suspensión da actividade lectiva presencial. Polo tanto, os obxectivos para 2019-20 son os seguintes:

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música desde o Clasicismo ata o Romanticismo, este último incluído.
- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un destes períodos da historia da música.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre as trazas técnicas propias dos diversos xéneros de cada un destes períodos da historia da música, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

Dado que a materia de Historia da música de 5º non ten continuidade no curso seguinte, non se traslada ningún obxectivo nin contido ao curso 2020-21.

#### – CONTIDOS

Modifícanse eliminando o referente ao terceiro trimestre, por mor da suspensión da actividade lectiva presencial. Polo tanto, os contidos para 2019-20 son os seguintes:

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e seu uso (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnicas interpretativas e da propia composición do repertorio.

- Aproximación crítica á periodización da historia da música.

### **Primeira avaliación**

- O Clasicismo musical
  - Contexto e orixes do Clasicismo musical.
  - Características musicais do Clasicismo. A forma sonata.
  - Principais xéneros da música instrumental: sinfonía, concerto, sonata para teclado, sonata para varios solistas, cuarteto de corda.
  - Principais xéneros da música vocal. O teatro musical. A música sacra.
  - O Clasicismo na Península Ibérica.

### **Segunda avaliación**

- Beethoven. A transición do Clasicismo ao Romanticismo.
- A música no Romanticismo.
  - Características musicais do Romanticismo. A música programática. Uso de temas musicais simbólicos. Nacionalismo.
  - Principais xéneros da música instrumental: pezas breves, concerto, sinfonía, poema sinfónico.
- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación adáptanse á nova situación, e serán os seguintes:

- Identificar, explicar e comentar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, as características dos períodos histórico-estilísticos correspondentes ao curso 2019-20 (Clasicismo e Romanticismo incluído).
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso 2019-20 (Clasicismo e Romanticismo incluído).
- Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas correspondentes ao curso 2019-20 (Clasicismo e Romanticismo incluído), e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.
- Realizar exercicios, traballos ou actividades relativos á materia.
  - MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os indicados de xeito xeral para o conxunto da materia, aplicados aos obxectivos e contidos xa sinalados, correspondentes ao curso 2019-20 (dende a Clasicismo ata o Romanticismo incluído). Polo tanto, son os seguintes:

- Coñecemento, identificación e análise das distintas seccións e elementos que integran a obra de arte musical, e súa relación con cada época ou estilo.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario musical específico.
- Coñecemento das grandes liñas da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Coñecemento do posto dos compositores máis relevantes da historia da música no seu período histórico correspondente.
- Identificación e explicación, a partir da audición, con ou sen partitura, dos estilos musicais correspondentes ós diversos períodos históricos e súas características.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- O seguinte criterio elimínase por non adaptarse á nova situación:
  - Observar a actitude do alumno na clase, e súa puntualidade.
- Modifícase para o 3º trimestre a realización por parte do alumno de actividades, comentarios e traballos, no sentido de que non serán realizados na aula, senón que serán realizados individualmente por cada alumno e enviados de xeito telemático ao docente, preferentemente pola plataforma CentrosNet, ou ben mediante a Aula

Virtual do Conservatorio, ou por medio doutro enderezo ou procedemento electrónico que permita a comunicación entre o docente e o alumno.

- Modifícase así mesmo o xeito de realización de calquera tipo de proba ou actividade escritas susceptibles de avaliación que foran necesarias, que pasarán a realizarse de xeito telemático. Ditas probas ou actividades estarán adaptadas á nova situación, de xeito que, unha vez que o alumno reciba telematicamente a proba ou actividades, deberá remitilas ao docente no mesmo día que lle foron enviadas.

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Na materia de Historia da música, dado o seu carácter, está establecido que a cualificación final do curso será a media das cualificacións das tres avaliacións. Debido á situación de actividade lectiva no presencial acontecida na 3º avaliación, a cualificación final non poderá ser inferior á media das cualificacións das 1ª e 2ª avaliacións.
- As actividades realizadas no 3º trimestre para adaptarse ao período lectivo non presencial serán valoradas, pero só poderán influír na cualificación final de xeito positivo. A valoración positiva de ditas actividades suporá subir ata 1 punto a media das cualificacións das dúas primeiras avaliacións.
- Nos grupo de Historia da música 5ºB a materia correspondente ao 2º trimestre foi desenvolvida na aula, pero non se puido realizar a proba trimestral por acontecer a suspensión da actividade presencial. Dito grupo 5ºB poderá realizar a proba de 2ª avaliación ou actividades equivalentes de xeito telemático, coas características indicadas nos procedementos e ferramentas de avaliación sinaladas no apartado anterior, é dicir enviando a proba ou actividades resoltas no mesmo día que lle foron enviadas polo profesor. Dita proba suporá o 70% da cualificación, o 20% corresponderá aos traballos realizados na aula durante o 2º trimestre, e o 10% corresponderá á

puntualidade e actitude nese trimestre. No caso de non ter os traballos de aula amosados ao profesor, o alumno poderá enviarllos telemáticamente. Unha vez teña a cualificación da 2ª avaliación, o proceso de cualificación final será o explicado nos anteriores apartados: farase a media coa cualificación da 1ª avaliación e poderase subir a nota ata 1 punto coa valoración positiva das actividades telemáticas da 3ª avaliación.

- Se por algunha razón algún alumno do grupo 5ºB non realiza dita proba, se cualificará a 2ª avaliación de acordo cos datos e valoracións recompiladas polo profesor ao longo da dita segunda avaliación, que foi presencial.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

Os alumnos nesta situación realizarán unha proba, ou actividades equivalentes. Na presente situación, a proba ou actividades estarán adaptadas para ser realizada de xeito telemático. O profesor enviará ao alumno que o solicite a proba ou actividades, que deberán ser remitida resolta ao profesor no mesmo día que lle foi enviada.

A vía de entrega da proba ou actividades será preferentemente CentrosNet, ou a Aula Virtual do Conservatorio, ou outro enderezo electrónico que permita a comunicación entre o alumno e o profesor.

Os obxectivos e contidos da proba ou actividades son os correspondentes ao curso 2019-20 tal como aparecen especificados na presente modificación da programación, é dicir os relativos á 1ª e 2ª avaliacións (Clasicismo e Romanticismo incluído).

A proba ou actividades consistirán no seguinte:

- Unha serie de preguntas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, que poderán incluír audicións con ou sen partitura, imaxes ou textos. Valorarase a

concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario musical.

Nas preguntas poderase pedir:

- realizar comentarios e explicar características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, por medio da análise, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios de texto, de imaxes ou de partituras, relativos á materia, por medio da análise, xa sexan ditos comentarios históricos ou estilísticos, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente.
- realizar comentarios nos que se sitúen cronoloxicamente e se comparen obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- realizar comentarios nos que se relacione a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A non realización da proba será cualificada coa nota mínima (1).

#### ▪ MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

No caso de que algún alumno necesite realizar probas de recuperación, ou actividades para o mesmo fin, estas serán telemáticas, coas características xa indicadas nos procedementos e ferramentas de avaliación.

As partes da materia que poden ser susceptibles de recuperación serán as correspondentes á 1ª avaliación e á 2ª avaliación, sendo válido o xa indicado sobre os obxectivos e contidos.